



## A MESA - DOBRAXE BÁSICA




1. Iremos construír unha mesa a partir dunha dobraxe que logo utilizaremos como base para facermos moitos modelos sinxelos. Partimos dun papel cadrado no que marcamos as dúas diagonais. Logo, levamos cada vértice até o centro.




2. E obteremos esta figura, que é a dobraxe básica á que nos referimos. Verás a figura de diferente cor, porque neste caso nós utilizamos papel de lustre.



3. A continuación dobramos cada lado até a metade do cadrado, marcando moi ben os vincos...




4. ...para que fique como nesta figura.




5. Dobramos en val as esquinas, seguindo os vincos anteriormente sinalados.



6. Marcamos moi ben as pregas novas, como se ve na imaxe. Isto mesmo facémolo tamén coas outras tres esquinas...



7. ...para termos esta figura, que é a mesa coas patas para arriba.



8. Dámoslle a volta, e... Veña, a xantar!